



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 29 DE MARZO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00013765T.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/568/2020.

Licenza para a instalación de ASCENSOR

Acórdase CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA LUGO 239, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución e á documentación complementaria, a INSTALACIÓN DE ASCENSOR no edificio situado na AVDA LUGO (DE) 239 SANTIAGO DE COMPOSTELA, cun orzamento de execución material de 38.600 euros.

3. XESTIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E PRIVADOS. Referencia: 2020/00006188K.

Licenza de parcelamento.

Acórdase CONCEDER a METROVACESA SUELO Y PROMOCION SA, licenza para PARCELAMENTO das parcelas Nº 1, 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11, 12, 13 e 14 do Polígono Único Sector 1 S.U.N.P. 31 "SAN MARCOS" / PLAN PARCIAL DE ORDENACIÓN RÚA DO PEREGRINO. SECTOR 1 S.U.N.P. 31., fronte ás rúas Navarra, Aragón, Cantabira, Cataluña, Melilla e rúa Asís de Santiago de Compostela.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/3/2020.

Ampliación de prazo de execución das obras "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa dos Concheiros" CON/3/2020

Acordase ampliar o prazo de execución das obras "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de

Compostela: remodelación da rúa dos Concheiros" por un período de 30 días hábiles, con causa nas incidencias non imputables á empresa contratista relativas a liña eléctrica de media tensión e as redes de saneamento, polo que a nova data de finalización dos traballos será o 28 de setembro de 2021.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/19/2018.

Orde continuidade do contrato de xestión do “Servizo de conservación, mantemento e mellora dos espazos verdes e do arborado do parque de Salgueiriños de Abaixo á empresa COREGAL PARQUES E XARDÍNS SL (CON/19/2018)

Acórdase dar orde á empresa COREGAL PARQUES E XARDÍNS SL actual adxudicataria do contrato de xestión do “Servizo de conservación, mantemento e mellora dos espazos verdes e do arborado do parque de Salgueiriños de Abaixo” para que a partir do 1 abril de 2021 continúe a prestación do servizo nas mesmas condicións baixo as que o viña facendo de conformidade co contrato anterior e polo tempo imprescindible para adxudicar un novo contrato, estimándose como data final máxima o 31 de maio de 2021.

6. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU014.

Servizo de xestión da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela: compensación pola aplicación da exención de taxas ás familias numerosas no mes de xaneiro de 2021.

Acórdase proceder ao pago a Trobeiro S.L. da cantidade de **2.639,05 euros**, en concepto de indemnización por cantidades non cobradas debido ao acordo de exención ás familias numerosas tomado polo Concello de Santiago.

7. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU015.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora factura expedida por “Trobeiro,s.l.” en concepto de servizo de xestión da escola municipal de música correspondente ao mes de xaneiro DE 2021.

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 19.300 euros, segundo a factura número de relación contable F/2021/469, en concepto do servizo de xestión da Escola Municipal de Música, mes de xaneiro 2021.

8. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU016.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora. facturas expedidas por UTE FERROVIAL SERVICIOS, S.A. Y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A. (SERVIZOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE) CON CIF NÚM. U86729720 en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos ceips do concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período do mes de xaneiro DE 2021.

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de **90.850,94 euros**, correspondentes as facturas F/2021/471 por importe de 86.017,12, euros; á F /2021/476, por importe de 1.548,78 euros; Á F/2021/472, por 1.855,33 euros e a F/2021/473 por 1.429,71 euros; todas elas en concepto de servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIPs do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período de xaneiro de 2021.

9. EMPREGO. Referencia: 00012980C.

Convalidación da solicitude de subvención á SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE, Ó ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 14 DE DECEMBRO DE 2020 (DOG Nº 5 DO 11 DE XANEIRO DE 2021) para a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, para o exercicio do ano 2021

Acórdase aprobar a solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade ó abeiro da Resolución do 14 de decembro de 2020- para a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, (Programa Municipal de Contratación Tempora de Mulleres Víctimas) por importe de **144.383,40 euros**, para os seguintes postos, todos eles por un periodo de 12 meses, e cunha xornada laboral do 100%:

- Técnico/a administrativo/a de apoio. Titulación Superior. 1 traballador/a.

- Administrativo/a de apoio. FP2 Grao/Bacharelato. 2 traballadores/as.
- Auxiliar administrativo/a de apoio. FP. Grao/ESO/Graduado Escolar. 2 traballadores/as.
- Uxier de apoio. FP1. Grao/ESO/Graduado Escolar. 1 traballador/a

Apróbase a disposición de financiamento para facerse cargo dos custos, non financiados con cargo á subvención solicitada, de indemnización por cese de contrato que se materializarán, no caso de que os programas solicitados sexan subvencionados, na anualidade 2022, por importe de 3.507,88 euros. E acórdase asimilar as contratacións que se deriven da obtención desta solicitude de subvención baixo o Acordo regulador – Convenio do persoal ao servizo do Concello de Santiago 2009 – 2012, (BOP de A Coruña nº 22, de 3 de febreiro de 2010).

10. EMPREGO. Referencia: 00012938R.

Convalidación da solicitude de subvención á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE Ó ABEIRO DA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2020, para a solicitude de subvención para o obradoiro de emprego dual “CREAS IV”.

Apróbase o Proxecto de Obradoiro de Emprego “CREAS IV” nos termos que constan na memoria que se une a dito proxecto, e que contempla a execución das seguintes actuacións:

- **“Rexeneración e mantemento dos Montes da contorna de Santiago” e**
- **“Elaboración e mantemento de páxina web Parque agrario de Santiago”.**

Acórdase acorllerse á *ORDE do 31 de decembro de 2020* pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego duais, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

Acórdase comprometer ó financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionada pola Consellería de Emprego e Igualdade. Os gastos correspondentes ao Concello por importe total de 62.406,22 euros satisfaranse do seguinte xeito:

- Anualidade 2021, contía de 20.000 euros
- Anualidade 2022, contía de 42.406,22 euros.

O Obradoiro de Emprego “CREAS IV” ten un custe de 439.352,22 euros, dos que 376.946 corresponden á subvención solicitada á Consellería de Emprego e Igualdade.

11. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: xob/3/2018.

Proposta á Xunta de Goberno para a aprobación do proxecto de rehabilitación da Casa das Máquinas, na Rúa de Galeras, en Santiago de Compostela

Apróbase o proxecto técnico de rehabilitación do edificio denominado “Casa das Máquinas”, na rúa de Galeras, coa seguinte condición: os equipos da instalación de climatización poderán situarse nos dous ocos laterais da fachada traseira, no caso de que a posición central inicialmente prevista non resultara axeitada para o correcto funcionamento do sistema de intercambio de aire”

O orzamento total do proxecto (O.B.L. + I.V.E) é de **166.909,43 euros**. Conta cun prazo de execución previsto de 6 meses. O obxectivo da intervención é:

Criterios de aplicación para a consecución de obxectivos:

- Completar a rehabilitación co acondicionamento interior do inmoble que permita a súa posta en servizo.
- Crear un espazo polivalente co uso social e cultural demandado polos propios veciños.

12. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2021/00011734Q.

Departamento de Prensa.Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

Dar conta á Xunta de Goberno Local da actuación en Camiño dos Vilares, en Santiago de Compostela.

Dase conta do informe técnico dunha actuación no Camiño dos Vilares.

13. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: 2021/2298J.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais.

Dase conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Refuxio de Animais para o ano 2021, e realízalos ingresos a fundación en aplicación do convenio, pola cantidade anual de 200.000 euros.

14. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2020/00005061K.

Dación de contas da resolución de transferencias da SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDADE, DE DATA 01-08-2019, para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no pacto de estado contra a violencia de xénero, para o exercicio 2019 polo importe de 17.920,25 €. a executar no ano 2021 a favor do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta da RESOLUCIÓN DE TRANSFERENCIAS DA SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, DE DATA 10-12-2020, PARA O DESENVOLVEMENTO DE NOVAS OU AMPLIADAS COMPETENCIAS RESERVADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, PARA O EXERCICIO 2020, que outorga a contía de **17.920,25 euros** ao Concello de Santiago de Compostela. O destino dos fondos recibidos é a realización de proxectos ou programas que teñan como finalidade o desenvolvemento das medidas do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados, o 28 de setembro de 2017, e dicir, que favorezan a erradicación da violencia contra a muller.

O período para a realización das e actuacións dirixidas á erradicación da violencia de xénero con cargo aos devanditos fondos comprenderá desde **o 1 de xullo de 2020 ata o 30 de xuño de 2021**. Os programas que se desenvolvan con cargo a esta subvención terán lugar no primeiro semestre do ano 2021.

15. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2020/00006797D.

Dar conta á Xunta de Goberno Local que a Consellería de Política Social asignou para o financiamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2020 unha contía de 555.664,59€

Dase conta á Xunta de Goberno Local que a Consellería de Política Social asignou para o financiamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2020 unha contía de **555.664,59 euros, destinados a reforzar o servizo**, segundo o seguinte desglose:

- 1 traballador/a A1: 20.229 euros.
- 10 traballadores/as sociais: 168.150 euros.
- 2 educadores/as sociais: 33.630 euros.
- Programa específico de inclusión social dirixido a persos sen fogar-Covid19: 160.780,6 euros.
- Programa básico de inserción social: axudas municipais de emerxencia social Covid19: 165.109,74 euros.
- SAF prestación básica. 7.706,03 euros.

16. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2020/00006799B.

Dar conta da resolución do 01 de xullo, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as subvencións previstas na resolución do 19 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade.

Dar conta á Xunta de Goberno da concesión dunha subvención da Secretaría Xeral da Igualdade, por importe de 45.000 euros, co obxectivo de reforzar o servizo, consonte o seguinte detalle:

Acción	Núm. 2020	Horas	Concesión 2020	Núm. 2021	Horas	Concesión 2021
Asesoramento xurídico	511		4.667 €	290		2.333 €
Atención psicolóxica	1.022		9.333 €	581		4.666 €
Axente igualdade	1.022		16.000 €	581		8.000 €
Total	2.555 horas		30.000 €	1.452 horas		15.000 €

17. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2021/00001916E.

Dar conta para o coñecemento da Xunta de Goberno Local da sinatura do Convenio suscrito entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela relativo a tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio e creación audiovisual Xohana Torres. Edición 2020 e posterior arquivo nesas Dependencias Municipais

Dase conta. da sinatura do Convenio suscrito entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela relativo a tramitación, concesión e publicación do premio de ensaio e creación audiovisual Xohana Torres. Edición 2020.

18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00013765T.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Dase conta.

URXENCIAS

19. Elaboración, xestión de convocatoria e concesión de subvencións (BS).

2021/00005554. INFORME PROPOSTA Nº 58/2021 JMA-TFT SOBRE AS PROPOSTAS PARA A RESOLUCIÓN DE INCIDENCIAS DE BOLSAS DE COMEDOR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA DO 26-10-2020.

Acórdanse aceptar as renuncias ás bolsas de comedor, presentadas por dúas familias usuarias. Dacordo coas modificacións indicadas anteriormente, o importe total das concesións aprobadas na Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar do día 26-10-2020, polo que se aprobou a proposta da resolución definitiva da convocatoria, por importe de 600.900,40 euros para a convocatoria 2020-2021, e que foi modificado polo acordo da Xunta de Goberno Local do 30-12-2020 polo que se aprobaron propostas para a resolución de incidencias quedando totalizado na contía de 589.064,40 euros, verase **reducido agora 409,50 euros**, quedando por un importe total **de 588.654,90 euros**.